

Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 180, do 24.11.1983.

Emendas, BOPG núm. 200, 27.12.1983.

Debate de totalidade, DSPG núm. 61, do 29.12.1983.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 234, do 16.3.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 258, do 30.4.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 258, do 30.4.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 73, do 4.5.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 265, do 9.5.1984.

Diario Oficial de Galicia núm. 119, do 22.6.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 74, do 27.3.1985.

Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias

Pola Lei 2/1994 foron modificados os artigos 2, 3, 4, 8.3 e 10 e maila disposición transitoria primeira.

Derrogada pola Lei 1/2000, do 10 de xullo, pola que se refunde a normativa en materia de cámaras agrarias.

A regulación das organizacións profesionais que contribúan á defensa dos intereses económicos que lles sexan propios está prevista no artigo 52 de Constitución Española, baixo a determinación de que a súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

As Cámaras Agrarias, que en España arrincan do ano 1890, foron concebidas co criterio expresado de organizacións profesionais agrarias e ó longo dos anos foron configurando a súa estrutura e organización de acordo cos criterios imperantes en cada momento político. Na actualidade as Cámaras Agrarias veñen reguladas polo Real Decreto 1336/1977, do 2 de xuño, se ben existe sobre a materia unha dispersión normativa que, en todo caso, aconsella a promulgación dunha norma que unifique os criterios básicos da súa actuación e configure claramente os seu réxime xurídico, organización, funcionamento e persoal ó seu servizo.

As competencias que á Comunidade Autónoma de Galicia lle reconece o seu Estatuto no artigo 27.29 impoñen ó Goberno Galego

a inaprazable tarefa de axecitar estas Corporacións ás peculiaridades das estruturas agrarias, ás demarcacións territoriais e á particular idiosincrasia do noso pobo.

É por iso que á hora de elaboralo texto presentado, se ben se contemplou a regulación destas Corporacións no Dereito Comparado con especial referencia ó artigo 502 do Código Rural Francés e ás normas que o desenvolven, cómpre considerar que os intereses agrarios de Galicia requiren unha especial referencia ás nosas demarcacións territoriais e unha clarificación respecto á natureza destas Corporacións. De aí que a presente Lei, amén de acomoda-la súa adscrición de estrutura organizativa á do Goberno Autónomo de Galicia, contempla a verdadeira natureza da institución e implanta a representatividade nas citadas Corporacións nas parroquias, na mesma liña política agraria que se vén desenvolvendo, sinalándose como exemplo de tal criterio a Lei de Actuación Intensiva en Parroquias Rurais. Así mesmo, na Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, considérase como marco territorial ou ámbito de actuación

a Parroquia. De aí que unha Lei de natureza tan eminentemente agraria e de carácter representativo da colectividade rural non poida ser divorciada de tal carácter organizativo que ten como base fundamental a tarefa de velar polos intereses agrarios da parroquia.

Finalmente, o respecto á autonomía que deben gozar os profesionais na defensa dos seus intereses específicos impón a necesidade de deixar para o desenvolvemento estatutario ou regulamentario particulares aspectos de organización e funcionamento que, non obstante, deben acatar plena e fielmente os principios de representatividade e funcionamento democrático que presiden a Lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Cámaras Agrarias.

Artigo 1

1. As Cámaras Agrarias son entidades consultivas e profesionais do sector agrícola, gandeiro e forestal, de colaboración coa Administración Pública en temas de interés xeral agrario e de prestación de servizos ós seus membros que, ó amparo do establecido no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía, constitúen Corporacións de Dereito Público, dotadas de personalidade xurídica e plena

capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

As súas competencias non limitarán a liberdade sindical nin de asociación empresarial.

2. As Cámaras Agrarias relaciónanse organicamente coa Administración da Comunidade Autónoma a través da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 2

1. En cada Concello existirá unha Cámara Agraria Local, o ámbito da cal corresponderá a todo o término municipal, integrándose na mesma con carácter necesario os titulares de actividades e explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais comprendidos no mesmo.

2. A efectos do previsto no apartado anterior, son titulares de actividades e explotacións:

a) Toda persoa natural, maior de idade, que se ocupe de maneira efectiva e directa dunha explotación agraria, exercendo esta actividade en nome propio e asumindo o risco da mesma como propietaria, arrendataria, apareceira ou en calquera outro réxime ou modalidade prevista pola lei ou polo dereito consuetudinario.

b) Toda persoa xurídica, pública ou privada, que teña por obxecto, conforme ós seus Estatutos, a explotación agrícola, gandeira ou forestal.

c) Nos supostos de explotación en común ou ben mediante Cooperativas ou outras entidades asociativas, os condóminos e os socios que directa e efectivamente se ocupen de actividade agraria.

d) Os colaboradores que haxan de suceder profesionalmente ó titular da explotación, con arrego ó Estatuto da Explotación Familiar Agraria, sempre que cumpran as condicións do apartado anterior e independentemente dos lazos de afinidade ou consanguinidade previstos no mesmo.⁽¹⁾

Artigo 3

En cada provincia haberá unha Cámara Agraria Provincial constituída por integración das Cámaras Agrarias Locais nos termos derivados desta Lei.⁽²⁾

Artigo 4

1. Poderanse constituír Cámaras Agrarias Comarcais determinadas pola agrupación de Cámaras Locais limítrofes, con intereses comúns ó seu ámbito territorial, sen que iso implique a supresión das últimas, nin limitación nas súas funcións.

2. O ámbito destas Cámaras Comerciais haberá de axustarse no seu día á organización territo-

rial que resulte do desenvolvemento lexislativo dos artigos 2 e 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.⁽³⁾

Artigo 5

1. As Cámaras Agrarias Provinciais de Galicia poderán constituí-la Federación Galega de Cámaras Agrarias que non afectará á personalidade xurídica de cada unha daquelas nin á autonomía das súas funcións no ámbito provincial.

2. Tamén poderán federarse con organizacións similares no ámbito estatal, conforme á lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Artigo 6

As Cámaras Agrarias Locais, Provinciais ou a súa Confederación Galega actuarán nos respectivos ámbitos co seguinte carácter:

A) Como entidades consultivas, transmitirán ós poderes públicos os seus criterios sobre materias de interés agrario, e a Administración Autónoma recabarállelo para a preparación, elaboración e aplicación de normas e accións da devandita natureza.

B) Como entidades de colaboración coa Administración Autónoma sobre accións, reformas ou medidas de carácter xeral para o desenrolo e mellora da agricul-

(1) Reprodúcese a versión orixinaría. O artigo 2 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1994.

(2) Reprodúcese a versión orixinaría. O artigo 3 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1994.

(3) Reprodúcese a versión orixinaría. O artigo 4 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1994.

tura participarán nas iniciativas xerais que afecten ós agricultores e, en concreto, nas da competencia daquela sobre:

1.— Aumento da produtividade agraria, desenrolo dos recursos potenciais e dos medios de produción.

2.— Ordenación do territorio e dos recursos naturais e defensa da natureza.

3.— Réxime de tenza da terra.

4.— Reforma e desenrolo agrario.

5.— Informes e estudos sobre situación agronómica.

6.— Programas de investigación agraria aplicada.

7.— Política gandeira.

8.— Organización, comercialización e industrialización de produtos agrarios.

9.— Denominación de orixe.

10.— Difusión de coñecementos técnicos e cooperativos e formación agraria.

11.— Réxime agrario da seguridade social.

12.— Seguros agrarios.

13.— Agricultura asociativa.

14.— Mellora do hábitat rural e calidade de vida.

15.— Censos e estadísticas agrarias.

16.— Financiación, créditos, subvencións e fiscalidade agraria.

As Cámaras Agrarias, como entidades de consulta e colaboración coa Administración, serán a canle mediante a cal se canalicen ó agricultor as accións concretas de política agraria, gozarán da consideración de oficina pública a efectos de presentación e tramitación de todo tipo de documentación agraria e prestarán asesoramento ós agricultores sobre subvencións, axudas, programas, obrigas e normativa xeral agraria, estando en posesión as disposicións oportunas, xuntamente cos impresos necesarios.

Poderán desempeñar, ademais, as funcións de carácter administrativo ou técnico que expresamente lles deleguen as Administracións públicas.

C) As Cámaras Agrarias poderán desenrolar funcións, servicios e xestións administrativas que sexan de xeral interés para as comunidades rurais na súa actividade agraria.

Con carácter indicativo e por acordo dos seus Plenos poderán prestar no seu ámbito os seguintes servicios:

1.— Organización de servicios comunitarios.

2.— Construcción e reparación de redes de acequias, camiños ou calquera outro tipo de obras de carácter xeral.

3.— Gardería rural.

4.— Servicio de loita contra xeadas, pedrazo, incendios e outros semellantes.

5.— Os de crédito e caución.

6.— Servicio de inseminación artificial.

7.— Organización de servicios comerciais para os seus membros.

8.— Calquera outro de carácter singular que poida ser acordado polos seus plenos.

D) As obras e servicios que conveñan para o cumprimento dos fins das Cámaras Agrarias poderanse realizar por estas, ben directamente ou en colaboración, concerto ou participación coas Administracións e Entidades públicas ou privadas, así como mediante a promoción ou participación en Sociedades ou Entidades de calquera natureza xurídica.

E) Como órganos representativos do sector agrario, as Cámaras formarán parte das comisións ou xuntas que teñan como cometido materias de interés xeral agrario competencia da Comunidade Autónoma, tales como as de reprodución gandeira, concentración parcelaria e ordenación rural, medio ambiente, sanidade animal e fomento pecuario, defensa contra pragas, xuntas arbitrais, comisións de mercados en orixe de productos agrarios, patronatos de vivenda rural, xuntas de extinción de incendios, xurados de montes veciñais, consellos de caza e pesca,

xurados de expropiación, xuntas vitivinícolas e comisións de seguridade social.

En especial, as Cámaras Agrarias terán unha proporcionada representación no Consello Agrario Galego e nas Comisións Coordinadoras Agrarias Provinciais.

Artigo 7

1. Son órganos de goberno e administración das Cámaras Agrarias Locais:

a) O Pleno.

b) No seu caso a Comisión de Goberno.

c) O Presidente.

2. O Pleno estará constituído por un número de vocais equivalente a un por parroquia rural, ou con parte rural, dos comprendidos no término municipal, elixidos por sufraxio universal entre os titulares de explotacións en cada unha daquelas.

Cando o número de parroquias rurais, ou con parte rural, sexa inferior a sete, o Pleno estará integrado, en todo caso, por sete vocais, elixidos en igual forma, asignándose o exceso de vocais a razón dun máis ás parroquias de maior censo.

3. O Pleno aproba os presupostos e as contas, determina os recursos propios da Corporación, elabora e aproba os Estatutos da Cámara, no marco da normativa aplicable, que serán ratificados pola Consellería de Agricultura,

Pesca e Alimentación, as plantillas laborais do persoal, sanciona as faltas graves ou moi graves do mesmo, exerce o control e fiscalización dos máis órganos da Entidade, adopta resolucións de maior transcendencia e exerce as demais funcións que estatutariamente se determinen.

4. O Presidente será elixido polo Pleno unha vez constituído, de entre os seus membros, en lista aberta e votación secreta.

En igual forma será elixido o Vicepresidente que o substituirá nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento de calquera orde.

5. O Presidente é o representante legal da Cámara e dirixe o seu goberno e administración. Convoca, preside, suspende e levanta as sesións dos órganos colexiados e dirixe as súas deliberacións, decidindo nos empates con voto de calidade; dirixe e inspecciona os servicios, forma o Proxecto de Presuposto, ordena os pagamentos e rende as contas, executa os acordos e exerce as máis funcións que se establecen estatutariamente.

6. A Comisión de Goberno constituirase cando o número de vocais sexa superiores a 7 e estará integrada polo Presidente, o Vicepresidente e 6 Vocais, elixidos estes últimos polo Pleno en lista aberta e votación secreta.

7. A Comisión de Goberno, no seu caso, exerce as funcións de trámite e de xestión ordinaria e é

órgano de asistencia ó Presidente no exercicio das súas competencias. Exerce, así mesmo, as demais competencias non reservadas expresamente ó Presidente e ó Pleno, as que este lle delegue ou atribúa e cantas outras se determinen nos Estatutos da Cámara.

8. O período de mandato do Presidente e os seus vocais será de catro anos, continuando en todo caso nas súas funcións ata a constitución da nova Cámara.

Artigo 8

1. Son órganos de goberno e administración das Cámaras Agrarias Provinciais: o Presidente, o Pleno e a Comisión Delegada.

2. O Presidente é elixido polo Pleno da Cámara entre os seus membros e exerce as funcións a que se refire o artigo 7.3 desta Lei, e será asistido por un Vicepresidente, elixido da mesma maneira, que o substituirá nos casos a que se refire o último párrafo do apartado 4 do devandito precepto.

3. O Pleno estará constituído polo Presidente e por un número de vocais equivalente a un representante de cada unha das Cámaras Agrarias Locais da provincia respectiva, elixidos polos Plenos das mesmas entre os seus membros. Exerce as funcións a que se refire o apartado 5 do artigo 7 da presente Lei.⁽⁴⁾

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 3 do artigo 8 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1994.

4. A Comisión Delegada estará constituída polo Presidente, o Vicepresidente e quince Vocais elixidos polo Pleno da Cámara Provincial entre os membros que a integran. Exerce as funcións ás que se refire o apartado 5 do artigo 7 desta Lei.

5. O período de mandato do Presidente e os Vocais será de catro anos, continuando en todo caso nas súas funcións ata a constitución da nova Cámara.

Artigo 9

Os órganos de goberno e administración das Cámaras Agrarias Comarcais e da Federación Galega de Cámaras Agrarias serán determinados estatutariamente baixo o principio de paridade representativa e demais que informan a presente Lei en canto lles sexan aplicables.

Artigo 10

1. Para o cumprimento dos seus fins, as Cámaras Agrarias contarán cos seguintes recursos:

a) As dotacións e créditos que se establezan como consecuencia do traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Cámaras Agrarias mediante Reais Decretos de Transferencias.

b) As dotacións, subvencións e demais auxilios que se poidan establecer anualmente nos Presupostos Xerais do Estado, da Comunidade Autónoma ou doutras Entidades Públicas.

c) Os provenientes de toda clase de exaccións e as cesións, recargos ou participacións establecidas e que se inclúan anualmente nos Presupostos Xerais do Estado para a súa integración nos da Comunidade Autónoma.

d) As máis exaccións e as cesións, recargos ou participacións que poidan establecer o seu favor o Estado ou a Comunidade Autónoma por Lei.

e) As derramas que estatutariamente poidan ser acordadas pola prestación de servicios entre os seus beneficiarios e as rendas e produtos dos seus patrimonios.

f) As donacións, legados e demais axudas e recursos que lles poidan corresponder.

g) Os ingresos procedentes de prestación de servicios convidados ou concertados e outros que legalmente se poidan establecer.

2. As Cámaras Agrarias disfrutarán dos beneficios fiscais máximos establecidos ou que se establezan en favor das Corporacións de Dereito Público.⁽⁵⁾

Artigo 11

1. En tódalas Cámaras Agrarias haberá un Secretario que o será tamén de tódolos órganos de goberno. A el correspóndelle dar fe dos actos, a dirección dos servi-

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 10 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1994.

cios do organismo e a xefatura de persoal baixo a dirección inmediata do Presidente. Asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

2. No caso de que non exista Interventor, as funcións interventoras de asesoramento económico e financeiro, de fiscalización interna de xestión económica, de dirección da contabilidade e outras, que estatutariamente se determinen, serán exercidas polo Secretario.

3. O persoal transferido que teña a condición de funcionario público e estea adscrito ás Entidades a que se refire esta Lei mantendrá o seu réxime e a súa situación xurídico-administrativa de acordo co previsto na lexislación aplicable.

O persoal transferido, co fin de desempeñar as funcións correspondentes, será adscrito pola Comunidade Autónoma ás Cámaras Agrarias.

4. As Cámaras Agrarias poderán crear na súa plantilla as prazas que, no seu caso, resulten imprescindibles dentro das súas disponibilidades presupostarias.

5. Previa adscrición do persoal á que fai referencia o apartado segundo do párrafo 3, as Cámaras Agrarias poderán contratar en réxime laboral persoal propio.

Disposición adicional primeira

A partir da entrada en vigor desta Lei, as funcións dos representantes

dos Xurados Provinciais de Expropiación á que se refire o artigo 32.1.c) da Lei de Expropiación Forzosa, serán exercidas, cando a expropiación se refira a bens rústicos e a dereitos sobre os mesmos, por un representante da Cámara Provincial elixido, de entre os membros da mesma, polo Pleno.

Disposición adicional segunda

As Cámaras Agrarias quedan recoñecidas como entes ou institucións públicas ós efectos de recibir do Estado, da Comunidade Autónoma ou das Corporacións Locais e outras Entidades Públicas, bens cedidos gratuitamente conforme á lexislación específica dos referidos entes e que se destinen a fins que redunden de maneira evidente e positiva en beneficio do interés xeral agrario.

Disposición transitoria primeira

As primeiras eleccións ás Cámaras Agrarias Locais e Provinciais serán convocadas pola Xunta de Galicia no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta Lei.⁽⁶⁾

Disposición transitoria segunda

Os Estatutos das Cámaras Agrarias, legalmente tramitados e aprobados, seguirán en vigor no que non se oponha á vixente Lei.

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria primeira foi modificada polo artigo único da Lei 2/1994.

Non obstante, as Cámaras Agrarias procederán á revisión e adaptación dos seus Estatutos á vixente Lei no prazo de seis meses contados desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira

O persoal que actualmente presta servizos ás Cámaras Agrarias mediante relación anterior a 1 de maio de 1982, consolidará a súa situación mediante proba restrinxida.

Disposición final primeira

A transferencia á Comunidade Autónoma non alterará a afecta-

ción dos medios persoais, patrimoniais e financeiros que, ó servizo das Cámaras Agrarias, estivese establecida pola Administración do Estado.

Disposición final segunda

Esta Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente

